

## DECRETO DA ALCALDÍA

### ASUNTO: CONCELLERÍAS DELEGADAS

#### Expediente GD 8306/2023

Considerando conveniente para o mellor funcionamento do Concello de Ames o nomeamento de **concelleiros/as delegados/as** e tendo en conta o contido dos artigos 21.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime Local e 43 e seguintes do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía en uso das súas atribucións **resolve**:

**Primeiro.** Efectuar as seguintes delegacións, que comprenderán a xestións das correspondentes áreas:

Concellería delegada	Concelleiro/a
<b>Concellería de Servizos Económicos, Deportes e Promoción da Saúde</b> Comprende as áreas de Economía, Facenda, Contratación, Deportes, Saúde e Relacións Institucionais.	<b>Susana Señorís Rodríguez</b>
<b>Concellería de Urbanismo, Administración Xeral e Mobilidade</b> Comprende as áreas de Urbanismo, Administración Xeral, Persoal, Seguridade, Tráfico e Transporte	<b>Víctor Manuel Fernández Prieto</b>
<b>Concellería de Promoción Económica, Emprendemento e Atención e Participación Veciñal.</b> Comprende as áreas de Comercio, Innovación, Emprego, Atención e Participación Veciñal	<b>Ana Belén Paz García</b>
<b>Concellaría de Obras e Servizos Básicos</b> Comprende as áreas de Planificación e Programación de Obras, Brigada Municipal, Parques, Xardíns e Áreas Infantís, Ciclo da Integral da Auga, Xestión do lixo, Cemiterio Municipal e Iluminación.	<b>Gustavo Nieto Santiago</b>
<b>Concellería de Benestar Social, Igualdade e Voluntariado</b> Comprende as áreas de Servizos Sociais, Igualdade, Migración, e Voluntariado.	<b>Uxía García Otero</b>
<b>Concellería de Xestión do Medio Natural, Atención ao Rural, Transparencia e Patrimonio</b> Comprende as áreas de Medio Ambiente, Plan Prevención de Incendios, Aula da Natureza, Xestión Ética de Animais, Patrimonio Histórico e Municipal e Transparencia	<b>Javier Antelo Seoane</b>
<b>Concellería de Planificación e Xestión Educativa e Mocidade</b> Comprende as áreas de Educación, Servizos Educativos Complementarios e de Conciliación, e Mocidade	<b>Carmen Porto Rey</b>

O contido das delegacións en favor dos concelleiros/as que se designan comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes ás áreas que comprenden, así como a de xestionalos, incluída a competencia para formular propostas, asinar escritos e comunicacións de trámite, recordatorios e outros semellantes pero non a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Segundo.** Notifíquese esta resolución as/os concelleiras/os interesadas/os a fin de que expresen a súa aceptación. Esta resolución terá efectos dende dita aceptación polos concelleiros/as interesados/as

**Terceiro.** Publíquese esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Ames.

**Cuarto.-** Dese conta ao pleno da Corporación en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ames, de xuño de 2023

O alcalde

Jose Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:  
0FD2C3776C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1  
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABAJO:  
Alcalde  
Secretaria

NOME:  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC227AA33E119D5BC428D

